



PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO, POLA QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA, Á ESCALA ADMINISTRATIVA, SUBGRUPO C1, DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, CONVOCADAS POR RESOLUCIÓN REITORAL DO 5 DE MAIO DE 2017

Exercicio: segundo exercicio, suposto práctico

Duración: 90 minutos

Non abra este cadernillo ata que o indique o Tribunal

Santiago de Compostela, 15 de decembro de 2017

XESTIÓN ECONÓMICA E FINANCEIRA. CÓDIGO EXAME 222

No exercicio económico 2017 estanse a executar os orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia e o orzamento da Universidade de Santiago de Compostela (USC), asemade, a Xunta de Galicia e a USC están a elaborar os seus correspondentes orzamentos para 2018.

Conteste as seguintes cuestións que se formulan en relación cos mesmos:

- 1) O Consello de Goberno da USC consonte cos vixentes Estatutos da USC, artigo 173, procedeu a aprobar a estrutura do orzamento para 2018 para o que adoptou unha serie de criterios, sinala o correcto:
 - a) que se separen operacións correntes, de capital e tributarias
 - b) que se clasifique orgánica, económica e funcionalmente o estado de gastos
 - c) que se clasifique orgánica e funcionalmente o estado de ingresos

- 2) No mesmo exercicio económico 2017, o Consello da USC aproba un crédito para facer fronte a danos acaecidos no Campus Vida como consecuencia das graves inundacións, facéndose preciso drenar as zonas afectadas para que poida reanudarse a actividade universitaria. Sinala a resposta correcta:
 - a) ao tratarse dun crédito extraordinario a aprobación correspondía ao Consello Social a proposta do Consello de Goberno
 - b) ao tratarse dun crédito extraordinario a súa aprobación lle correspondía ao Claustro universitario a proposta do Consello Social
 - c) ao tratarse dun crédito extraordinario a USC ten que pedir autorización a Comunidade Autónoma de Galicia

- 3) A USC unha vez que tivo crédito suficiente para facer fronte ás obras de arranxo das entradas aos edificios do Campus Vida acordou cunha empresa construtora a realización das mesmas, e así considera:
 - a) que é posible asinar un convenio de colaboración dos regulados na Lei 40/2015 de réxime xurídico do sector público ao poderse adoitar con suxeitos de dereito privado para un fin común
 - b) que non pode asinarse un convenio xa que estes non poden ter por obxecto prestacións propias dos contratos como é, neste caso, un contrato de obras
 - c) é indiferente que se documente mediante un convenio ou un contrato xa que nos dous casos media un prezo

- 4) Na execución do orzamento da Comunidade Autónoma suscítase a cuestión de se o exercicio orzamentario:
 - a) debe corresponderse cun período dun ano a contar dende a data de aprobación polo Parlamento do orzamento
 - b) debe corresponderse co ano natural para o que se aprobaron
 - c) debe corresponderse con aquel período que, de xeito variable na duración, estableza a lei que os aproba

- 5) Os órganos xestores do orzamento da Comunidade Autónoma coñecen a previsión legal de que son nulos de pleno dereito os compromisos de gastos por contía superior ao importe dos créditos nos estados de gastos:
 - a) agás aqueles créditos que teñan a condición de ampliables
 - b) sempre e en todo caso
 - c) tan só cando o déficit de crédito sexa en contía tal que imposibilite a execución do orzamento

- 6) Na USC como consecuencia da nova regulación legal dos contratos do Sector Público faise necesario redactar un novo regulamento de contratación que se adapte a aquela, suscitándose a cuestión de a quen correspondería aprobarlo:
 - a) ao Claustro universitario
 - b) ao Consello de Goberno
 - c) ao Consello Social

- 7) Na redacción do citado regulamento de contratación, cómpre facer referencia a quen é segundo os Estatutos o órgano de contratación da USC:
 - a) é a mesa de contratación que actúa como órgano
 - b) é sempre o xerente ou a xerenta ou, de ser o caso, o vicexerente ou vicexerenta en quen este delegue
 - c) é o reitor ou a reitora

- 8) Cando a USC contrata cunha empresa a limpeza das fachadas acristaladas dos seus edificios o fai mediante un contrato de:
 - a) subministros
 - b) obras
 - c) servizos

- 9) Na execución do orzamento de gastos da USC:
 - a) non hai fases no gasto, só se contempla o pago
 - b) a autorización do gasto é posterior á ordenación do pago
 - c) a autorización do gasto é previa á ordenación do pago

- 10) Con cargo ao orzamento de gastos 2017 da USC cómpre arrendar unha serie de equipos e sistemas de telecomunicacións para o tratamento da información, os seus dispositivos e programas non son desenvolvidos a medida, polo que debe sacarse a licitación:
 - a) un contrato privado
 - b) un contrato de subministros
 - c) un contrato de servizos

- 11) Segundo figura nos vixentes Estatutos da USC, artigo 170, o orzamento será:
 - a) público, único e equilibrado
 - b) público, único e con tendencia ao equilibrio
 - c) privado, único e equilibrado

- 12) A quen lle corresponde na USC a aprobación dos suplementos de créditos, por proposta do Consello de Goberno?
 - a) ao Consello de Departamento que vaia autorizar os gastos
 - b) ao Consello Social da USC
 - c) á xunta do centro que vaia autorizar os gastos

- 13) Unha empresa licitadora ao contrato de limpeza das fachadas acristaladas formula recusación dun membro da Mesa de contratación por ser cuñado do dono doutra empresa licitadora. O órgano que resolve a recusación:
- a) non debe admitir a recusación xa que os membros da mesa son independentes e polo tanto non lles afectan as causas de abstención non podendo ser recusados.
 - b) non admite a recusación xa que, aínda que aos membros das mesas de contratación lles afectan as causas de abstención respecto dos participantes nas licitacións, neste caso o licitador está nunha relación de parentesco por afinidade.
 - c) admite a recusación ao entender que aos membros das mesas se lles aplican as causas de abstención respecto dos participantes nas licitacións, e o parentesco en segundo grado tanto por consanguinidade como por afinidade é unha das causas legalmente previstas.
- 14) A falta de aprobación do orzamento anual da Universidade a día 1 de xaneiro do ano correspondente suporá:
- a) a disolución do Claustro
 - b) a imposibilidade de realizar compromisos de gastos en tanto non se aproben, agás que se acorde a prórroga do orzamento do ano anterior
 - c) a prórroga automática do orzamento do ano anterior
- 15) A aprobación da incorporación dos remanentes de créditos na USC segundo os Estatutos, corresponde:
- a) ao vixerente ou a vixerenta da área económica
 - b) ao decano ou a decana da Facultade de que se trate.
 - c) ao reitor ou a reitora

RECURSOS HUMANOS. CÓDIGO EXAME 333

A USC procedeu, mediante acordo do Consello de Goberno (CG), á unha reestruturación da súa relación de postos de traballo (RPT) de persoal funcionario para adecuala á nova estrutura organizativa. En dita RPT figuran postos pendentes de dotar debido á necesidade de adaptación aos orzamentos pendentes de aprobación.

Unha vez aprobada a modificación da RPT, por resolución reitoral, convócase o oportuno concurso de méritos para a provisión dos postos vacantes concorrendo en dito procedemento dona María García, funcionaria de carreira do subgrupo A1, con dous anos de antigüidade na escala, sen posto definitivo, que concursa ao posto de traballo de Xefe/a do Servizo de Promoción da Igualdade, adscrito ao subgrupo A1, nivel 28. Na listaxe definitiva de persoal admitido e excluído figura dona María como aspirante admitida a dito posto.

- 1) De acordo co artigo 8 da Lei de emprego público de Galicia, o persoal funcionario de administración e servizos da USC réxese:
 - a) pola LOU e pola Lei de emprego público de Galicia
 - b) pola LOU e os estatutos da USC exclusivamente
 - c) pola Lei de emprego público de Galicia en todo o que no estea expresamente regulado pola lexislación orgánica de universidades e as súas disposicións de desenvolvemento
- 2) É correcta a aparición de postos pendentes de dotar na RPT aprobada polo CG?
 - a) non
 - b) si, xa que o orzamento é a norma fundamental de funcionamento da USC
 - c) si, sempre que conte coa autorización do Consello da Xunta
- 3) Cales son os sistemas ordinarios de provisión dos postos de traballo de persoal funcionario?
 - a) concurso, exclusivamente
 - b) libre designación e concurso ordinario
 - c) concurso, ordinario ou específico, e libre designación
- 4) É correcta a admisión de dona María para concursar ao posto de traballo de xefe/a de Servizo?
 - a) non, posto que non ten a antigüidade requirida para participar
 - b) si, xa que o posto pertence ao mesmo subgrupo que o da aspirante
 - c) non, porque tería que ter posto definitivo
- 5) O posto de xefe/a de servizo, mediante que sistema de provisión se ten que cubrir?
 - a) por concurso ordinario
 - b) por libre designación ou concurso ordinario
 - c) por concurso específico agás naqueles casos nos que deba proveerse polo sistema de libre designación

- 6) En que situación será declarado o persoal funcionario de carreira que obtivese posto no concurso de méritos e non tomara posesión no prazo de tempo establecido?
- excedencia forzosa
 - excedencia voluntaria por interese particular
 - expectativa de destino
- 7) Que recurso cabe interpoñer contra a convocatoria do concurso?
- non cabe recurso por ser un acto que pon fin á vía administrativa
 - recurso de alzada
 - recurso potestativo de reposición
- 8) As bases da convocatoria indican que o prazo para a presentación de solicitudes é de cinco días hábiles, segundo a Lei 39/2015, do 1 outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, exclúense do cómputo:
- domingos e festivos
 - só os festivos
 - sábados, domingos e festivos
- 9) Os datos de carácter persoal relativos a dona María obtidos pola USC figuran nun ficheiro informatizado, en canto ao dereito de acceso por parte de dona María a ditos datos:
- pode exercitarlo en períodos non inferiores a doce meses, sen necesidade de acreditar un interese lexítimo
 - pode exercitarlo cantas veces o estime conveniente
 - pode exercitarlo cada seis meses, sen necesidade de acreditar un interese lexítimo.
- 10) Cual é a porcentaxe máxima de postos que pode incluír a USC na súa RPT para a provisión por persoal funcionario ou laboral procedente doutras administracións, agás convenio entre as administracións públicas interesadas?
- 2%
 - 7%
 - 25%
- 11) Segundo a Lei do emprego público de Galicia o persoal funcionario da USC agrúpase en:
- grupos e subgrupos
 - corpos e escalas
 - categorías e especialidades
- 12) A USC proponse a cobertura urgente dun posto vacante mediante unha comisión de servizos forzosa. Que persoal queda excluído deste sistema de provisión?
- funcionarias embarazadas
 - funcionario que teña a condición de proxenitor de familia non numerosa ou monoparental
 - ningún dos anteriores

- 13) Transcorrido o tempo dona María solicita o traslado por motivos de violencia de xénero, este traslado ten a consideración de:
- a) comisión de servizos
 - b) traslado forzoso
 - c) comisión de servizos forzosa
- 14) Dona María interpón recusación contra un membro da comisión encargada de avaliar o concurso, o cal nega as causas que alega. Que prazo dispón o superior para resolver dita recusación?
- a) 10 días hábiles
 - b) 10 días naturais
 - c) 3 días
- 15) Respecto á atención aos cidadáns na lingua oficial da súa Comunidade Autónoma, dona María:
- a) ten dereito a expresarse na lingua que considere conveniente
 - b) ten a obriga de garantir a atención na lingua que o cidadán solicite
 - c) ten dereito a indicarlle ao cidadán que se dirixa a el na lingua que o funcionario escolla

ORGANIZACIÓN E XESTIÓN UNIVERSITARIA. CÓDIGO EXAME 444

Arturo é un rapaz galego que ven de acadar o seu título de Bacharelato nun instituto de Lugo. Sempre quixo ser médico, polo que está interesado en cursar estudos na Facultade de Medicina e Odontoloxía da Universidade de Santiago de Compostela (USC). Por ese motivo solicita a admisión a este centro.

Arturo ten un primo nun país de Latinoamérica. Este familiar, cuxo nome é Jeremy, rematou no 2017 no seu país o primeiro curso dun grao universitario en Medicina. Agora Jeremy está interesado en continuar os mesmos estudos na USC, xunto co seu primo Arturo.

Unha vez rematado o primeiro curso de Medicina, Arturo ve claro que a súa vocación non era tanto a Medicina como a Farmacia. Por este motivo fai a correspondente solicitude para ser admitido no Grao en Farmacia.

Pasan os anos e Arturo consegue rematar o seu Grao en Farmacia. Logo disto, está interesado en profundizar coñecementos nunha determinada área e, por tal motivo, solicita a admisión a un máster universitario.

Finalmente, nos seus anos de estudos, Arturo descubriu que a súa vocación é realmente a investigación, por iso pensa que debería cursar un doutoramento.

- 1) A implantación do plan de estudos de Grao en Medicina, que vai cursar Arturo na USC, foi autorizado por:
 - a) Consejo de Universidades
 - b) Consello Galego de Universidades
 - c) Comunidade Autónoma de Galicia
- 2) Para que Arturo se matriculara no Grao en Medicina da Universidade de Santiago de Compostela, tivo que acreditar previamente que estaba en posesión do título de Bacharelato do Sistema Educativo Español. A este requisito previo denomínaselle:
 - a) requisito de admisión
 - b) requisito de acceso
 - c) procedemento de admisión
- 3) Que requisitos de acceso debe cumprir Jeremy para poder continuar os seus estudos de Medicina na USC?
 - a) neste caso, será requisito indispensable que a USC lle recoñeza alomenos 30 créditos ECTS
 - b) neste caso, será requisito indispensable que a USC lle recoñeza alomenos 60 créditos ECTS
 - c) neste caso, será requisito indispensable que a USC lle recoñeza o primeiro curso completo da titulación que pretenda cursar na USC

- 4) Esta solicitude de Jeremy, na que pide continuar os seus estudos na USC, a quen lle compete resolvela?
- Consello de Goberno da USC
 - Reitor ou reitora da USC
 - decanato da Facultade de Medicina e Odontoloxía
- 5) No caso de que Jeremy non estivese de acordo coa resolución da súa solicitude, cal destes recursos podería presentar?
- recurso de alzada
 - recurso de reposición
 - recurso de alzada ou recurso de reposición
- 6) Se a solicitude de matrícula de Jeremy non reúne os requisitos necesarios:
- requeriráselle para que subsane a falta ou acompañe os documentos preceptivos
 - inadmitirase a trámite
 - arquivarase a solicitude
- 7) Unha vez matriculado Jeremy na USC, e en relación coa solicitude de admisión presentada por el, sinale a opción correcta:
- os créditos ECTS recoñecidos en ningún caso se terán en conta para os efectos de ponderación do expediente
 - os créditos ECTS recoñecidos sempre se terán en conta para os efectos de ponderación do expediente
 - o recoñecementos de créditos ECTS nos que non exista cualificación non se terá en conta para os efectos de ponderación do expediente
- 8) En relación coa solicitude que fixo Arturo, de que lle foran recoñecidos para o Grao en Farmacia os seus estudos de primeiro curso do Grao en Medicina, sinale a opción correcta:
- serán obxecto de recoñecemento un número de créditos que sexa alomenos o 15% do total dos créditos do título, correspondentes a materias de formación básica de dita rama de coñecemento
 - serán obxecto de recoñecemento un número de créditos que sexa como máximo o 15% do total dos créditos do título, correspondentes a materias de formación básica de dita rama de coñecemento
 - serán obxecto de recoñecemento un número de créditos que sexa alomenos o 15% do total dos créditos do título, correspondentes a materias de formación básica de calquera rama de coñecemento

- 9) Arturo e Jeremy escoitan a un compañeiro que lles comenta que, no caso de acreditar experiencia profesional relacionada coa titulación que van cursar, isto podería dar lugar a un recoñecemento de créditos por parte da universidade. Como se concretaría este recoñecemento?
- podería dar lugar a un recoñecemento de créditos de ata o 60 % do seu plan de estudos que, ademais, computarían para os efectos de baremación do expediente
 - podería dar lugar a un recoñecemento de créditos pero estes non computarían para os efectos de baremación do expediente
 - os créditos recoñecidos non poden superar o 30% do total dos créditos do seu plan de estudos e computarán para os efectos de baremación do expediente
- 10) Cando Arturo está a cursar o Grao en Farmacia, qué cualificación debería obter nunha materia para que lle poidera ser outorgada a mención de “Matrícula de honra”?
- superior a 8.0
 - igual ou superior a 9.0
 - 10
- 11) O título de graduado en Farmacia, acadado por Arturo, quen o expedirá en nome do Rey?
- a decana ou o decano da Facultade de Farmacia
 - a reitora ou o reitor da USC
 - a xefa ou o xefe do Servizo de Xestión Académica da USC
- 12) Que ensinanzas teñen como finalidade a adquisición polo estudante dunha formación avanzada, de carácter especializado ou multidisciplinar, orientada á especialización académica ou profesional, ou ben a promover a iniciación en tarefas investigadoras?
- ensinanzas de grao
 - ensinanzas de máster
 - ensinanzas de doutoramento
- 13) Arturo desexa cursar un determinado máster oficial. Para finalizalo deberá elaborar e defender un Traballo Fin de Máster. Cantos créditos terá ese Traballo Fin de Máster?
- entre 6 e 30 créditos
 - o Traballo Fin de Máster non se estrutura en créditos
 - entre 1 e 5 créditos
- 14) En relación co doutoramento que cursa Arturo, sinala quen será responsable da definición, actualización, calidade e coordinación do programa de doutoramento, así como da supervisión do progreso da investigación e da formación e da autorización da presentación de teses de cada doutorando do programa.
- o seu director ou a súa directora de tese
 - o seu titor ou a súa titora
 - a comisión académica dese programa de doutoramento

- 15) Arturo quiere saber cal é a duración máxima dos estudos de doutoramento a tempo completo, sen contar coas posibles prórrogas, dende a admisión do doutorando ao programa ata a presentación da tese doutoral.
- a) 3 anos
 - b) 4 anos
 - c) 5 anos